

O GALEGO CAMPA
Dinamización lingüística nos campamentos de verán



O DESAPARAFUSADOR DE GOMINOLA

Tipo de actividade:

Actividade de distensión.

Idade: De 9 a 14 anos.

Participantes: Actividade en grupo.


Duración: 1 hora.

Materiais:

- CD *Desaparafusador de gominola*.
- Lapis e papel.

Obxectivos:

- Ampliar as habilidades de comunicación oral en lingua galega.
- Reforzar a cohesión grupal a través do xogo lúdico.



DESENVOLVEMENTO

Para esta actividade, traballaremos coa letra da canción "Desaparafusador de gominola". Para comezar todo o grupo escoitará a letra da canción reproducida no cd de música; terán que escoitar con moita atención e memorizar un ou dous versos, os que máis lles gusten da canción.

Escollidos os versos terán que crear unha nova frase, tal e como explicamos neste exemplo:

agora unha nube vou comer

| | |
|---|------------|
| a | a |
| g | gata |
| o | ole |
| r | ratos |
| a | andando |
| u | unicamente |
| n | na |
| h | horta |
| a | aberta |

Unha vez creada a frase compoñemos unha canción nova, na que cada rapaz ou rapaza inclúe o verso que acaba de compoñer. Por último, interpretarana.

OBSERVACIÓNS

Sería bo que, ademais de escoitaren a canción, os rapaces e rapazas poidan ver a letra da canción por escrito para ter claro que versos utilizar.

No web www.xunta.es/linguagalega/o_galego_campa están descargables as letras das cancións, as fichas de actividade e os materiais complementarios. O web inclúe, ademais, un espazo de participación.